



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO  
CONCELLO O DÍA CATORCE DE ABRIL DO DOUS MIL CINCO.**

**ASISTENTES**

**ALCALDE-PRESIDENTE**

D. Melchor Roel Rivas

**CONCELLEIROS**

D. José Luis Docampo Fortes, D. César Ricardo Naval Parapar, D. Rafael Luis Fernández Amor, D<sup>a</sup>. María Rebeca Fernández Martínez, D<sup>a</sup>. Ana María Basanta Tojo, D. José Antonio Goás Basanta, D. César Aja Mariño, D. José Joaquín Gayoso Roca, D. Guillermo Leal Arias, D. Justo Vicente Vázquez Chao, D. Antonio Solla Díaz, D<sup>a</sup>. Marta Pérez Lage, D<sup>a</sup>. Rosario Canoura Labayén, D. Antonio José Bouza Rodil e D. Orlando Expósito Mariño.

**XUSTIFICA A SÚA AUSENZA**

D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro

**SECRETARIA**

D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez

Na Casa do Excmo. Ayuntamiento de VIVEIRO, sendo as vinte horas e trinta minutos do día catorce de abril do dous mil cinco, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez, celébrase sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde, declárase aberto o mesmo.

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á  
SESIÓN ORDINARIA DO 10 DE FEBREIRO DO 2005.**

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, pregúntase aos Sres. Concelleiros se teñen algunha rectificación ou aclaración que facer ao acta da sesión extraordinaria celebrada o día 10 de febreiro do 2005, indicando o Concelleiro do

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes ( dezaseis), acorda prestar aprobación á dita acta.

**2º.- NOMEAMENTO DE CATRO REPRESENTANTES DO CONCELLO  
NA ASOCIACIÓN DO COMITÉ DE IRMANAMENTO CON LANNION.**

Polo Sr. Alcalde-presidente expónse que non hai ningunha proposta por escrito posto que se trata de que cada grupo político ou partido designe un representante.

Consultados verbalmente os Voceiros dos grupos políticos do PS de G-PSOE, BNG e PP, así como o Concelleiro de IU-EU, procédese a efectuar a votación.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaseis), acorda que os catro representantes do Concello na Asociación do Comité de Irmanamento con Lannion, segundo a proposta de cada grupo político e Partido, sexan os seguintes:

Partido Popular: D. César Aja Mariño.  
IU-EU: D. Orlando Expósito Mariño.  
BNG: D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro.  
PS de G-PSOE: D. José Luis Docampo Fortes.

Comuníquese o presente acordo á Animadora Socio-cultural do Concello, D<sup>a</sup>. Rosario Basanta Gabeiras, así como ao Concelleiro-delegado de Cultura, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro.

**3º.- DACIÓN DE CONTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO PLAN CONCERTADO.**

Polo Sr. Alcalde-presidente expónse que se trata de cumprimentar ante o Pleno esta dación de conta aos efectos de acreditar ante a Xunta de Galicia.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaseis), acorda quedar informado da solicitude de subvención do Plan Concertado que dí.

**“SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DESTINADA Á PRESTACIÓN DE SERVICIOS SOCIAIS DE ATENCIÓN PRIMARIA (COMUNITARIOS).**

Vista a Orde do 29 de decembro de 2004, publicada no DOG nº 7 de 12-01-05, pola que regulan axudas destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais.

A Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

1º.- Solicitar unha subvención para a prestación de servizos sociais de Atención Primaria (Comunitarios), segundo o artigo 8.1.1.a da referida orde:

<b>Servizos Sociais de Atención Primaria (Comunitarios)</b>	<b>Subvención solicitada</b>	<b>Aportación do Concello</b>	<b>Totais</b>
<i>1.- Persoal:</i>			
1.1 Técnico Grado Superior	17.341,93	10.465,54	27.807,47
1.2 Asistente Social	14.414,30	17.936,85	32.351,15
1.3 Técnico de Grado Medio	13.733,65	14.666,46	28.400,11
1.4 Auxiliar admón.	11.549,20	11.074,59	22.623,79
2.- Mantemento do servizo	7.010,00	2.333,30	9.343,30
3.- Axuda no fogar	72.121,60	80.613,46	152.735,06
<i>4.- Xestión de programas:</i>			
4.1 Emerxencia social	4.500,00	6.597,98	11.097,98
4.2 Prevención de drogodependencias	2.100,00	000,00	2.100,00
4.3. Inclusión social	4.000,00	500,00	4.500,00
<b>TOTAL XERAL</b>	<b>146.770,68</b>	<b>144.188,18</b>	<b>290.958,86</b>
.....			



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

2º.- Dar traslado do presente acordo ó Centro de Servicios Sociais para a súa tramitación.”

Comunicar o presente acordo ao Director do Centro de Servizos Sociais Municipais.

**4º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A POSIBILIDADE DE INSTALACIÓN DE BATEAS DE CULTIVO NA RÍA DE VIVEIRO.**

Polo Sr. Alcalde-presidente expónse a proposta que dí considera interesante para Viveiro.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:

1ª.- A do Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que dí: que habería que determinar que cultivos son máis convenientes nesta Ría, pois o problema co da ostra é que a Ría de Viveiro é moi boa para fixación, non obstante no cultivo da vieira o problema é conseguir semilla, polo que esta moción estaría ben si así o estima o Alcalde, incidindo naqueles cultivos que poidan ser factibles e nos que non se produza unha interrupción, tamén que as xaulas para o rodaballo pode ser interesante e que é certo que non se desenvolven a lexislación que permita esta clase de aproveitamentos.

2ª.- A do Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, que dí que esta proposta é da Alcaldía que non sempre pola forma de falar do Voceiro do PP parece que o asunto que se propón xa estaba programado e dí, non é así.

3ª.- A do Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, que dí: Nos anos 90 xa houbo xente de Celeiro que intentou este aproveitamento coa ostra e vieira, e tamén nos anos 98 e 99 pero o problema é que non se promulgou a lexislación para optar a estes cultivos xa que hoxe unicamente se pode optar a autorizacións experimentais.

4ª.- A do Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, que dí:  
Supón que os técnicos terán que pronunciarse sobre os cultivos que se podan facer, xa que a el non se lle pode pedir eso.

Finalmente, o Sr. Alcalde-presidente, manifesta o seu agradecemento aos que o asesoraron, e dí que non mencionou as distintas posibilidades, pois aínda que se estuden, el mesmo reconece o seu descoñecemento sobre eses aspectos aínda que cre que o primeiro que habería que facer é que se posibilite a realización deses cultivos, aceptando as suxestións dos intervinientes.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaseis), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta da Alcaldía que, textualmente, dí:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A POSIBILIDADE DE INSTALAR BATEAS OU XAULAS DE CULTIVO NA RÍA DE VIVEIRO.**



O sector pesqueiro da provincia de Lugo tense interesado moitas veces pola posibilidade de instalar bateas ou xaulas de cultivo nos polígonos existentes ao efecto nas Rías do Vicedo e Viveiro. Feitas as consultas oportunas, infórmasenos que segundo o Decreto 406/1996 da Consellería de Pesca, tense que publicar unha Orde pola que se outorgarán os puntos de fondeo mediante concurso. A nosa sorpresa, xurde cando comprprobamos que dende o ano 1996 no que asinou este decreto, non se realizou nin un só concurso nesa provincia e os polígonos seguen baleiros.

Desde o Concello resúltanos moi estrano que nunha provincia na que o traballo non abonda, se manteña pechada a posibilidade de que empresarios da zona, ou de fora, invirtan os seus cartos e poidan crear empresas no sector da acuicultura. Aínda máis, se temos en conta que polos anos trascorridos desde a publicación do citado Decreto (máis de 8) deu tempo sobrado a elaborar unha Orde que desenvolvese este decreto.

E polo que propoño que o pleno municipal adopte o acorde seguinte:

Solicitar á Consellería de Pesca que, coa meirande urxencia, dicte as instrucións oportunas para publicar unha Orde pola que se outorgarán os puntos de fondeo mediante concurso na ría de Viveiro e poñer remedio a esta exposta situación.”

SEGUNDO.- Incorporar as suxestións feitas nas intervencións dos concelleiros coa citada proposta.

TERCEIRO.- Notificar este acordo aos organismos competentes.”

**5º.- MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE ADHESIÓN AO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE.**

Polo Sr. Alcalde-presidente expouse que a moción parte dunha idea da FEGAMP que se acadou durante o mandato como Presidente de dita Federación do Alcalde do Concello de Ourense, indicando a seguir que sobre a primeira quincena do próximo mes de maio tomará posesión o Interventor municipal que xa se atopa nomeado polo Ministerio de Administracións Públicas, indicando que fai constancia deste feito porque considera que ten que ver dalgunha maneira có contida da Moción.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese a do Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que formula a seguinte pregunta: ¿que cantidade se pretende consignar?.

O Sr. Alcalde resposta que as cotas son segundo baremo en función do número de habitantes dos Concellos que se adhiren.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaseis), acorda aprobar a dita moción que, textualment, dí:



**“MOCIÓN DA ALCALDÍA DE AHESIÓN AO FONDO GALEGO DE  
COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE**

Vista a proposta do “Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade”, orientada a contribuir desde o noso propio ámbito ao desenvolvemento dos países do Terceiro Mundo, mediante a creación dun fondo económico que financie proxectos de axuda en Galicia sobre a cooperación e a solidariedade internacional,

O PLENO do Concello de Viveiro, decide adoptar o seguinte

**ACORDO**

**Primeiro.-** Manifestar a adhesión desta Corporación ao FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE e aceptar os seus Estatutos e Declaración Programática.

**Segundo.-** Asumir o compromiso de dotar presupostariamente unha partida, como aportación anual ao Fondo Galego, con destino ao financiamento de proxectos aprobados polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, e de conformidade co correspondente Baremo de cotas que aprobe a Asemblea Xeral de Socios.

**Terceiro.-** Facultar ao Alcalde-presidente para que designe un representante do Concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

**Cuarto.-** Notificar estes acordos ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.”

Dáse traslado do presente acordo ao departamento de Intervención municipal.

**6º.- MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE BONIFICACIÓN DO IBI AO PORTO DE CELEIRO E SOLICITUDE A PORTOS DE GALICIA SOBRE APLICACIÓN DE TARIFAS.**

Polo Sr. Alcalde expónse a proposta, refiríndose ás convocatorias de subvencións a empresas que tiña o anterior goberno municipal e que considera de dubidosa legalidade. Indicando, a seguir, que Porto de Celeiro solicitou a antedita subvención e denegou selles reclamando a débeda o Concello no ano 2004 e ingresándoa nos derradeiros días desa anualidade. Explica, a seguir, que o Concello de Burela, segundo dictame emitido polos servizos xurídicos da Deputación Provincial entenden que podería aplicarse a enclaves singularizados.

Igualmente dí, propónse que a situación que disfruta o Porto da Coruña respecto ás bonificacións que este percibe da tarifa (5,4) a diferenza, dí, do de Celeiro (2,5) e que aínda tamén o da Coruña ten un Convenio entre o Ente Estatal e o Porto contemplando un fondo de garantía polas desviacións. Todo isto o expón tendo en conta que o Porto da Coruña é de titularidade estatal aínda que a xestión sexa da Comunidade Autónoma. Conclúe dicindo que por todo iso piden un tratamento similar para o Porto de Celeiro.



Aberta a quenda de intervencións, prodúcese a do Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que dí van a votar a favor e, polo tanto, apoiarán a moción, expoñendo a seguir que o que existía neste Concello respecto das subvencións ás empresas citadas era un acordo plenario cos infomes legais preceptivos –puntualizando que este Concello na actualidade aprobou a subvención a licenzas de obra do Colexio “Landro” e da Fábrica de Curtidos- e que considera que as propostas que figuran na moción deberían formalizarse en acordos separados, é dicir en dúas mocións. A continuación, expón que o do IBI non ten límite porque enumera que ademáis da lonxa do peirao sur hai outras lonxas que dí, non sabe se van a ter esa bonificación, e que ademáis menciona que existen outras empresas que están instaladas nesa zona. Refiríndose, finalmente, a que anterior a este goberno actual, o que existía era unha subvención puntual á licenza de obras, e que é certo que máis ou menos atopábase previsto para o 75% do importe e que as empresas ás que se subvencionaba tiñan que constituir un aval bancario polo importe da débeda ata a concesión de subvención e que considera se debería estudar o asunto que se propón máis a fondo.

En contestación, o Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas, dí que en primeiro lugar a Curtidos non se lle concedeu unha subvención de interese social, senón que o 90% é de aplicación polo PEPRI, pero o de Viveiro soamente o contemplaba para vivendas non para industrias, polo que Curtidos o ten polo PEPRI de Valdeflores non pola Alcaldía. Refírese, a seguir, a acordos do ano 97 que se tomaron no Consello de Administración de “Insuamar” no que participaba a entidade Porto de Celeiro cun Conselleiro desta Empresa, e insistindo seguidamente que a Moción de exención do IBI limítase a unha zona singularizada onde non se prestan servizos de subministración de auga nin de recollida de lixo, e que non cómpre confundir esto con outras empresas e que non o dí el senón a Excma. Deputación de Lugo ao Concello de Burela. Polo que se propón ao Pleno o outorgamento ás empresas dunha zona polas súas características singularizadas e afirma que non e equiparable nin un agravio comparativo para outras empresas porque se se dera o caso tamén o aprobarían.

En segundo lugar, intervén o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, que anuncia o apoio do seu grupo á moción e solicita se aclare si esta afecte á lonxa ou tamén aos almacéns de de pertrechos que existen ao caron, pois entón tamén afectaría, dí á empresa Servizos Loxísticos que é dí de carácter mixto, para preguntar á Alcaldía, seguidamente: ¿entran tamén na bonificación os almacéns?.

O Sr. Alcalde resposta que se trate da empresa que sexa se aplicará se se cumpren as condicións da bonificación.

En terceiro lugar, polo Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, maniféstase que se esta bonificación é para Portos de Celeiro, S. A. el vai votar en contra. Que anteriormente atopábase integrado por armadores e mariñeiros e que esto desapareceu para a creación desta Sociedade integrada por armadores. Que dita Empresa xa recibíu do Concello de Viveiro prebendas tales como as subvencións a empresas. Que cando entrou este novo goberno municipal e anulou esa Ordenanza el votou a favor de dita anulación, pois non lle parecía normal que unha Corporación que adebedara tantos millóns regalara eses cartos. Que considera debería tratarse este asunto





Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

nunha Comisión e ser obxecto de informe. Que os camións cargaban lixo nese Porto e que a auga a venden a esa sociedade, cando o Regulamento establece que non se pode vender a auga. E que cre se debe investigar este asunto, xa que dí, que si Portos ten a súa auga propia ese consumo que hai obedecerá a que a vende.

En contestación o Sr. Alcalde-presidente dí que non é o mesmo caso anular a Ordenanza para o outorgamento de subvencións ás empresas coa moción que se propón para referirse a seguir a aspectos relativos ao consumo de auga por Portos. Puntualizando, seguidamente, que este Concello só debe o que ten aprobado e que a débeda a que se refire o Concelleiro de IU-EU recoñecerase no momento no que o Pleno a aprrobe, citando seguidamente parágrafos da moción e manifestándose na non admisión de agravios comparativos.

Nunha nova intervención o Concelleiro de IU-EU, Sr. Expósito Mariño, contesta que o que paga o Concello de Burela é cousa dese Concello, aínda que lle pareza ben que o Porto de Celeiro teña as mesmas posibilidades que o da Coruña, pero que coa bonificación non está de acordo, xa que como manifestou noutra ocasión na que se refiriu ás condicións de traballo desa Empresa, o Xerente da mesma no periódico a preguntas sobre esa cuestión contestou que as “inspeccións atópanse aquí”.

O Sr. Alcalde dí que é unha empresa que cómpre ter en conta que xera postos de traballo neste Concello e que as condicións nas que se leva a cabo ese son competencia doutras Administracións e non teñen inconveniente, dí, en que se voten separadamente os dous aspectos que trata na moción.

Seguidamente, polo Voceiro do PP, Sr. Aja Mariño, solicítase se aclaren unhas cuestións, pois dí que cre se terxiversaron as súas palabras xa que o Pleno no seu tempo acordou adquirir uns terreos para que se instalase a empresa NEG MICON e isto pódese aplicar a outras empresas, e que non obstante, se se suprime o IBI a Porto de Celeiro – que pasa por momentos económicos difíciles polo canon, amortización de débeda etc.- pode pasar dí, que outras empresas vinculadas ao mar como conserveiras, conxelados, etc., tamén consideren que teñen dereito ao mesmo polo que dí, que sería perigoso sentar un precedente. Que é moi distinto a empresas nun caso puntual e concreto, poñendo a seguir como exemplo as axudas que outorga o IGAPE que non acadan toda a vida de empresa subvencionada. Polo que, finalmente, dí que considera doado fixar algún tipo de prazo; preguntando a seguir: ¿É se chegan outras empresas? ¿e outras que se adican a fins benéficos?. Que como xa dixo o van a apoiar pero que cómpre reflexionar un pouco.

En contestación o Sr. Alcalde-presidente propón un prazo ata o ano 2007 o que é aceptado polo Voceiro anterior citado, indicado que fixo unha suxestión.

O Sr. Alcalde contesta que así o entenden pero que non é o mesmo ás empresas conserveiras, e que se contemplará entón un prazo para esta bonificación proposta na moción ata o ano 2007 e que van a dividir en dous partes a votación, correspondendo a primeira á bonificación do IBI e a segunda á petición de igual trato para o porto de Celeiro que para o de A Coruña. Aclarando, a seguir, que todas as empresas que reunan os requisitos que orixinen esta bonificación se beneficiarán da mesma.



Nunha nova intervención o Concelleiro de IU-EU, Sr. Expósito Mariño, indica que isto pode repercutir desfavorablemente nos ingresos do Concello e que ao non dispoñer de Interventor para que informe ...

A continuación, o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, puntualiza que poden ser tres as empresas que reunan as condicións da moción e indica, a seguir, os nomes: Porto de Celeiro, Servizos Loxísticos e a Confraría.

Neste intre o Voceiro do PP intervén para formular as seguintes preguntas: ¿e Varaderos de Cillero? ¿e Talleres Cillero?.

O Sr. Alcalde indica que á empresa “Varaderos de Cillero” se lle pedíu que tramitase o expediente de actividades clasificadas e aínda esperan.

Non se producen outras intervencións, e procédese a efectuar as votacións, e o Pleno da Corporación, por maioría absoluta de quince votos a favor (PS de G-PSOE, BNG e PP) e un voto en contra (IU-EU) acorda aprobar a proposta de bonificación do IBI contida na moción que dí:

**“MOCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE PROPOSTA DE BONIFICACIÓN DO 90% DA COTA ÍNTEGRA DO IBI E SOLICITUDE A PORTOS DE GALICIA PARA A APLICACIÓN DAS MESMAS TARIFAS NO PORTO DE CELEIRO QUE AS APLICADAS AO SECTOR PESQUEIRO NO PORTO DA CORUÑA.**

O desenvolvemento económico e social do Concello de Viveiro ten un dos seus eixes fundamentais no sector pesqueiro e considera que debe ser unha preocupación desta Corporación municipal atender a dito sector; non obstante, dentro da legalidade vixente (sen artiluxios que poñan en xogo intereses de xestores públicos, con como mínimo coincidencias empresariais privadas, actuacións de apoio ao desenvolvemento colectivo da comunidade).

As instalacións do porto de Celeiro constitúen unha zona singularizada pola súa vinculación a actividades do sector primario de carácter pesqueiro.

A zona dispón dun nivel de servizos de competencia municipal inferior ao existente nas áreas ou zonas consolidadas do Concello.

O artigo 74.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establece:

“As ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación de ata o 90 por 100 da cota íntegra do imposto a favor dos bens inmobles urbanos ubicados nas áreas ou zonas do Concello que, conforme á lexislación e planeamento urbanísticos, correspondan a asentamentos de poboación singularizados pola súa vinculación ou preeminencia de actividades primarias de carácter agrícola, gandeiro, forestal, pesqueiro ou análogas e que dispoñan dun nivel de servizos de competencia municipal, infraestruturas ou equipamentos colectivos inferior ao existente nas áreas ou zonas consolidadas do Concello, sempre que as súas características económicas aconsellen unha especial protección.

As características peculiares e o ámbito dos núcleos de poboación, areas ou zonas, así como as tipoloxías das construcións e usos do solo necesarios para a





Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

aplicación desta bonificación e a súa duración, contía anual e demais aspectos substantivos e formais especificaranse na ordenanza fiscal”.

Na ordenanza fiscal en vigor no noso Concello, recóllense especificamente estes aspectos; polo tanto, desde o punto de vista xurídico, é posible acordar a bonificación correspondendo ao Pleno da Corporación a decisión de se as características económicas do sector pesqueiro de Viveiro aconsellan unha especial protección. Ademais do apuntado, a necesidade de apoio das administracións aos sectores máis dinámicos en canto á creación de emprego e, polo tanto, ao desenvolvemento económico da nosa comunidade. No caso que nos ocupa, debe facerse especial mención ao tratamento que a Autoridade Portuaria da Coruña aplica á Lonja de La Coruña, S. A., entidade concesionaria da súa lonxa pesqueira.

Praza de bonificación ata o ano 2007.

Seguidamente, efectúase a votación correspondente ao segundo aspecto da moción, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaseis), acorda aprobar a proposta sobre a igualdade de tratamento entre o Porto de Celeiro e o da Coruña, que dí:

1º.- A Lonja de la Coruña, S. A. (en adiante LCSA), recibe a concesión da explotación, sen participar na súa construción, caso oposto ao de Celeiro, dependente do ente autonómico Portos de Galicia.

2º.- A LCSA é potencial beneficiaria dun fondo de garantía por importe de 240.000 euro/ano, que cubriría as desvíacións económicas producidas pola explotación da lonxa de pesca (convenio de colaboración entre a Autoridade Portuaria da Coruña e LCSA).

3º.- A Autoridade Portuaria da Coruña cubre a maioría dos gastos de conservación do edificio, mentras que Portos de Celeiro, S. A. ten que construír a lonxa climatizada e é responsable da súa conservación.

4º.- O canon por ocupación do solo é practicamente o mesmo, 5,6028 €/m<sup>2</sup>. na Coruña e 5,609 €/m<sup>2</sup> en Celeiro, coa salvidade de que co valor do solo non é mesmo nos dous portos.

Estas razóns nos levan a solicitar ao Pleno municipal que adopte os acordos que faciliten o desenvolvemento do porto de Celeiro coas bonificacións ao IBI desde a administración local e que o ente autonómico Portos de Galicia aplique as tarifas que a Autoridade Portuaria da Coruña aplica na dita Lonxa, evitando con estas medidas unha competencia desigual que pode levar a que empresas que actúan no mesmo porto, poidan deslocalizar a súa actividade empresarial.

Ante todo o exposto, solicito ao Pleno adopte os seguintes acordos:

- 1) Aplicar ao Porto de Celeiro, S. A. a redución do 90% da cota correspondente á ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóveis deste Concello.



- 2) Solicitar ao ente autonómico Portos de Galicia as tarifas que a Autoridade Portuaria vén aplicando na lonxa da Coruña, a saber, nos seguintes casos:
- a) Que Porto de Celeiro. S. A. reciba como bonificación un 50% do importe recadado pola tarifa G-4 (autonómica), no lugar do 2% que recibe actualmente do ente autonómico Portos de Galicia.
  - b) Que o ente autonómico Portos de Galicia cubra a maioría dos gastos de conservación do edificio, tal e como se fai desde o Estado coa lonxa da Coruña; ademáis de ter en conta a inversión realizada por Portos de Celeiro, S. A.
  - c) Creación dun convenio de colaboración entre o ente autonómico Portos de Galicia e Porto de Celeiro, S. A., cun fondo de garantía por importe de 240.000 euros/ano, que cubriría as desviacións económicas producidas pola explotación da lonxa de pesca.”

**7º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE XESTIÓNS PARA GARANTIR ATENCIÓN NOCTURNA NAS ESTACIÓNS DE SERVIZO NO CONCELLO DE VIVEIRO.**

Polo Sr. Alcalde outorgase o uso da palabra ao Concelleiro do BNG, D. César Ricardo Naval Parpar, que da lectura da Moción.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:

1ª.- A do Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que dí que o seu grupo está de acordo e que dita moción xa se presentou noutro momento có goberno do PP e que se reuniron cós empresarios pero non houbo acordo polo que espera que agora teñan máis éxito os actuais xestores municipais.

2ª.- A do Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, que dí que se non hai esixencia legal como ocorre coas Farmacias, ao que é contestado negativamente pola Secretaria.

Procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaseis) acorda aprobar a Moción, previo agradecemento do Sr. Alcalde aos desexos de éxito, que transcrita, literalmente, dí:

**“Xustificación**

No concello de Viveiro funcionan na actualidade 4 estacións de servizo que expenden combustible para automóbiles. Nengunha destas catro estacións funcionan pola noite. Tampouco existen estacións de servizo abertas nos concellos veciños. Esta circunstancia provoca que os posíbeis usuarios destas instalacións, diante dunha viaxe imprevista pola noite, se atopen nunha complicada situación ante a imposibilidade de repostar combustible nos seus vehículos particulares.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

Xa noutra ocasión o Grupo Municipal do **BNG** se ten interesado sobre este asunto e nada se ten solucionado. Entendemos pois, que o Pleno do Concello de Viveiro debe apoiar as xestións que vaian encamiñadas a dar solución a este problema.

Conseguir que haxa atención polas noites nun servizo destas características significaría unha mellora para os viciños e viciñas de Viveiro.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Municipal que asina esta iniciativa propón que o Pleno da Corporación Municipal de Viveiro

### **ACORDE**

**QUE SE REALICEN AS XESTIÓNS PERTINENTES DIANTE DAS EMPRESAS QUE SUMINISTRAN COMBUSTIBLE AOS VEHÍCULOS PARA QUE ESTABLEZAN UN SERVIZO NOCTURNO DE CARÁCTER ROTATORIO NO CONCELLO DE VIVEIRO COA FINALIDADE DE MELLORAR A ATENCIÓNS AOS USUARIOS.”**

#### **8º.- MOCIÓN DO PP SOBRE SOLICITUDE AO MINISTERIO DE ECONOMÍA DE COMPENSACIÓN ECONÓMICA POR PERDA NA RECADACIÓN DO IAE.**

Polo Sr. Alcalde outogase o uso da palabra ao Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que manifesta que desde que presentaron esta moción prodúxose un acordo entre a Federación Española de Municipios y Provincias e o Ministerio de Economía e Facenda, polo que a retiran.

O Sr. Alcalde, en contestación, dí que o citado acordo prodúxose tres días antes da data de entrada no Rexistro Municipal.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación acorda non tratar a dita Moción, de conformidade coa proposta feita polo Voceiro do grupo proponente da mesma.

#### **9º.- DACIÓN DE CONTA DE DESPEDIMENTOS DE CONTRATADOS LABORAIS E RECLAMACIÓNS PREVIAS Á READMISIÓNS DOS MISMOS.**

Polo Sr. Alcalde dáse conta dos despedimentos levados a cabo pola finalización dos contratos dos contratados laborais, D. José Escourido Fernández e D. Ramón Nodar Fernández, polo transcurso dos tres anos, engadindo que interposta por ambos os dous a reclamación previa á vía laboral e concurrindo nos citados as mesmas razóns que no caso do contratado laboral D. Jesús Cociña Ladra, estimáronse as mesmas readmitíndose os citados traballadores mediante contratos de interinidade e en tanto non se provisten regulamentariamente ditas prazas.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaseis) acorda quedar informado do asunto.

Dáse traslado do presente acordo ao Departamento de Persoal.

#### **10º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

O Sr. Alcalde dá conta das Resolucións asinadas dende o último Pleno ordinario, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaseis) acorda darse por informado das Resolucións da Alcaldía.

**11º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Aberta a quenda de rogos e preguntas, intervén o Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que formula o seguinte rogo:

Que se facilite aos Concelleiros da oposición o acceso á documentación municipal xa que cando intentan ver algunha documentación os funcionarios piden que o soliciten por escrito, por orde da Alcaldía.

O Sr. Alcalde-presidente manifesta que a documentación nunca se lle negou a ninguén pero que quere que quede constancia de quen a examina e a que documentación se accede porque desa maneira evítase que a falta dalgunha documentación se descoñeza quen tivo acceso a esta, engadindo que en ocasións se lle facilitaron ao PP certificacións de actas de Pleno con máis celeridade que ao seu propio grupo.

Por Secretaría solicítase intervir para facer unha puntualización legal, indicando que o ROF determina o dereito de todos os membros da Corporación á obtención do Alcalde e da Xunta de Goberno a documentación que obra nos servizos da Corporación e resulte precisa para o desenvolvemento das súas funcións, entendéndose concedida por silencio administrativo polo trascuro de cinco días no caso de non dictar resolución que si é denegatoria ten que ser fundada. Engadindo que, non obstante, os servizos administrativos están obrigados a facilitar o acceso aos membros dos órganos de goberno á información dos asuntos que traten estes, así como á información e documentación de libre acceso para os cidadáns.

Intervén o Voceiro do PP, Sr. Aja Mariño, dicindo que nunca antes os Concelleiros da oposición tiveron que firmar nada para consultar expedientes. Contestando o Sr. Alcalde que si o firman antes non terían que buscar a parcela núm. 141 de Galdo que faltaba na documentación e insistindo en que non se negou a ninguén documentación pedindo se denuncie a quen o faga.

Neste intre o Concelleiro do BNG, D. César Ricardo Naval Parapar manifesta que ao seu grupo se lles negou polo anterior goberno municipal documentación. Ao que o Voceiro do PP resposta que non se negou documentación en expedientes senón información.

Polo Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, se formulan os seguintes rogos e preguntas:

1º) Na Avda. de Villalba-Campo de Tora, una construción que tivo que deixar parte diante



---

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

Polo Sr. Alcalde advírtese ao público que non pode intervir, reiterando a advertencia novamente e indicando que doutro modo tería que desaloxar a esa persoa.

2º) Obra nova das monxas de Valdeflores, dí que é bastante desagradable, que se limpou a maleza e que está caída sobre o Campo de Xunqueira e non se recollen e agora está tirado no río.

O Sr. Alcalde contéstalle que mandarán á Policía Local.

3º) Na zona de Verxeles lindando con Alonso Pérez, están cargando e descargando cascotes de obras, levantando polvoreda e se preguntan os veciños se vai a seguir desa maneira ou é algo provisional.

4º) O luns de Pascua comentou ao Alcalde dunha tala na zona de Sacido – árbores silvestres- pero agora cortaron ou podaron os que plantou Costas. Igual pensa que el mesmo pode facer o mesmo polo que non o acaba de entender.

O Sr. Alcalde resposta que ten o informe da Policía Local e que mandaron facer un informe ao Vixiante de Obras e con ese informe dí deron traslado aos Servizos do litoral da Xunta de Galicia, recordando que nos atopamos nun Estado de dereito e que coas novas cortas farán o mesmo porque cómpre seguir os trámites legais. Continúa dicindo que polo que se refire á parte de abaixo, existe un compromiso da Corporación cando o Servizo do litoral informe sobre a distancia, e que os propietarios deses terreos aducen que son de titularidade privada pois cando se construíu alí non houbo expropiación nin tampou compra de terreos.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vintedúas horas, estendéndose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.